

# Introdución

“...A Historia de todos os tempos, e a de  
boxe, especialmente, ensínanos que...as mu-  
lteres serán esquecidas se elas se esquecen de  
pensar sobre si mesmas”

Louise Otto-Peters\*

Ao recibir o encargo por parte de Baía Edicións de escribir sobre as tres Marías, o primeiro que pensamos foi nas marías santiaguesas, mulleres aguerridas e cheas de lendas onde as haxa, coas que eu particularmente crecín e coñecín, polas rúas de Santiago dando o seu paseo das *Dúas en punto*, polo que tamén eran así chamadas. Pero non, o conto non ía con elas, faláronnos de facer unha escolma das tres marías, máis antigas, precedentes de tantas e tantas mulleres loitadoras como as que nos viñan á memoria: falábanos de María Castaña, María Soliño e María Balteira.

O seguinte paso foi o da escolla dun título, atractivo pero rigoroso, cuestión que despois de moito barallar decidiríamos que fose: *Tres mulleres galegas de armas tomar*... aquí empezaba esta historia e esta andaina pola Historia.

Si, porque non deixa de ser unha nova historia coas poucas fontes e referencias que delas hai, os moitos rumores que tamén corren ao falar delas e as ganas de facer algo que chegue ás rúas, ás escolas, ás novas xeracións de rapazas e rapaces que teñen que seguir a construír un mundo en que mulleres e homes sigan facendo del un lugar máis habitábel no sentido máis humano e xusto da expresión.

Ben é verdade que sen *mulleres de armas tomar*, moitas de nós non teríamos chegado a medrar nas condicións en que o fixemos e o noso vagar tería sido moito máis penoso. En aras de poder facer unha pequena home-naxe ás mulleres en xeral e a estas en particular polas súas circunstancias máis coñecidas popularmente, foi polo que nos decidimos a emprender tamaña empresa, nada doada, por certo.

---

\* Louise Otto-Peters (1819-1895). Feminista alemá, activista do movemento pro dereitos das mulleres.

Nada doada, porque as eruditas e os eruditos practicamente o dixeron todo destas tres mulleres e tampouco se pretendía nin pretende atopar incunábais que se refiran a elas, nin facer unha profunda investigación, só transmitir o pulo que mulleres coma elas lle deron á mesma historia, o que loitaron, o que sufriron e só polo simple feito de pertencer a un xénero que non era o protagonista da historia nos momentos que lles tocou vivir.

Así a nosa pretensión sinxela é contar parte do seu devagar pola vida, cos atrancos que supuxo vivir no Betanzos do século XIII, no Lugo do século XIV e na Cangas do Morrazo do XVII, engadíndolle o feito de seren mulleres nun mundo de homes.

Inevitábel será tamén recorrer ao mundo da tradición oral, quen de nós non escoitou, aquí e noutros moitos sitios, aquilo de parece *dos tempos da María Castaña*, ou, *iso pertence aos tempos da María Castaña?*, pois si, a tradición oral tamén é un mundo, esencialmente de mulleres; as lendas, os contos, as historias son transmitidas, preferentemente, de nais e avoas a fillas e fillos... quen non escoitou falar das bruxas, das meigas, daquelas que a Inquisición condenou sen parar a pensar que eran as primeiras boticarias, as mesturadoras de apócemas incríbeis que máis tarde utilizaron e seguen utilizando as multinacionais farmacéuticas... aquelas como María Soliña que, lonxe de ser feiteiceira, era vinculeira e quedou desposuída dos seus bens por mor dun xuízo da Santa Inquisición. Quen ha negar que nas épocas das Santas Cruzadas eran as mulleres as que dirixían gremios, señoríos, como viúvas, facendo e desfacendo ao seu antollo para logo, no cacarexado Renacemento, seren expulsadas dos oficios en que foran tan competentes? E quen poderá negar que unha muller do século XIII que vai coas tropas ás batallas, non sería catalogada como prostituta, soldadeira ou con connotacións pexorativas do estilo?

Non se pretende facer historia “compensatoria”<sup>\*</sup> falando destas tres mulleres concretas, senón de reivindicar a visibilidade das mulleres no devir histórico ao igual que aquilo de que “o pobo que non coñece a súa historia está condenado a repetilo”. E isto poderíamos estendelo á historia social, á historia das mulleres como parte integrante dunha sociedade que, por diversos motivos, as silenciou. Reivindicar as súas vidas, fazañas e movementos nas diferentes etapas da Historia, fará que as mulleres contemporáneas teñan referentes máis que suficientes para seguir cara ao camiño da igualdade como cidadás de pleno dereito.

---

\* Denominación dada por Joan Kelly, recollida na obra *Ilduara, una aristócrata del siglo X*, de M.<sup>a</sup> del Carmen Pallares Méndez. Ed. do Castro, 1998.

## Capítulo I.

# As mulleres no século XIII: María Balteira

## 1. A vida das mulleres no século XIII

As clases sociais na Idade Media son compartimentos estancos, son estamentos ben definidos: a nobreza, o clero e o pobo raso. E en ningún dos tres as mulleres eran consideradas suxeitos de dereito. No libro das Partidas de Afonso X lemos:

*Otrosi de mejor condición es el varón que la muger en muchas cosas, e en muchas maneras, assí como se muestra abiertamente en las leyes de los Títulos deste nuestro libro...*

(Partida IV, Título XXIII, Lei II)

O Medioevo é o reforzamento da filosofía da Antigüidade, da misoxinia herdada do mundo clásico, en que quedaba explícita a submisión das mulleres ao home. A sociedade dos homes clasifica as mulleres en relixiosas ou laicas e estas son fillas, esposas ou viúvas dun home. Hai xa unha diferenza na linguaxe polo que respecta ás etapas vitais dos homes e das mulleres. Aos varóns recoñéceselles catro idades biolóxicas: *pueri, juvenes, viri e senex*; ás mulleres só tres: *virgines, conjugate e matrona*.

O costume de concertación de matrimonios facía impensábel a libre elección de marido. Isto reflíctese no tratamento que se lles dá ás mulleres nos textos lexislativos da época. No *Fuero Juzgo*<sup>1</sup> lemos:

*Si alguno desposar la manceba de voluntad de su padre, e la manceba contra voluntad de su padre quisiere casar con otro, e non con aquel á quien la prometió su padre, aquesto non lo sofrimos*

---

1 Libro III do *Fuero Juzgo*, Título II “De los casamientos e de las nascencias”.

*por nenguna manera que ella lo pueda fazer. Onde si la manceba contra la voluntad del padre quisiere casar con otro, que ella cobdicia por ventura, y él la osar tomar por mugier, ambos sean metidos ic. en poder daquel con que la desposaran de la voluntad de su padre<sup>2</sup>.*

Pero se nos fixamos no Código civil español até o ano 1975 estaba vixente:

*[...] las hijas de familia mayores de edad (vinte e un anos) pero menores de veinticinco años, no podrán dejar la casa del padre o de la madre, en cuya compañía vivan, más que con licencia de los mismos, salvo cuando sea para contraer matrimonio o para ingresar en un Instituto aprobado por la Iglesia<sup>3</sup>.*

*Corresponde otorgar la licencia para el matrimonio de los hijos legítimos al padre<sup>4</sup>.*

*El marido debe proteger a la mujer, y ésta obedecer al marido<sup>5</sup>.*

Aquí comprobamos como as mulleres non tiñan ningún poder de decisión sobre si mesmas nin tan sequera para casar con quen elas decidisen, xa que son totalmente dependentes da vontade do pai. Unha vez casadas pasan a ser dependentes do esposo e as leis dos casamentos tamén son distintas para uns e outras.

No caso do adulterio as diferenzas son salientábeis. No texto das *Partidas*<sup>6</sup> lemos:



*Miniatura medieval na que vemos como un home entrega a súa filla en matrimonio*

- 2 *“Se algún desposase a moza coa vontade do seu pai e a moza contra a vontade do pai quixese casar con outro e non co prometido polo pai, non consentimos que ela poida facer isto. Así que se a moza contra a vontade do pai quixese casar con outro e el ousa tomala por muller, ambos sexan sometidos á disposición daquel co que a desposara o pai”.*
- 3 Título XI, Capítulo II, artigo 321 do Código civil español.
- 4 Título IV, Capítulo I, artigo 46 do Código civil español. Posteriormente modificado pola reforma de maio de 1975.
- 5 Título IV, Capítulo I, artigo 57 do Código civil español. Posteriormente modificado pola reforma de maio de 1975.
- 6 Título XVII do *Libro de Las Siete Partidas*: “De los adulterios”.

*E porende dixeron los Sabios antiguos, que maguer el omne casado yoguiesse con otra muger que ouiesse marido, que non lo puede acusar su muger ante el Juez seglar. (...) E esto tuuieron por derecho, por muchas razones. La primera, porque del adulterio que faze el varon con otra muger non nace daño, nin desonrra, a la suya. La otra, porque del adulterio que faze su muger con otro, finca el marido desonrrado, recibiendo la muger a otro en su lecho; e do-  
mas, porque del adulterio della puede venir al marido gran daño*<sup>7</sup>.

Esta distinta consideración sobre o adulterio de ser cometido por un varón ou por unha muller segue estando presente no Código penal español de 1848<sup>8</sup>:

*Art. 358. El adulterio será castigado con la pena de prisión menor. Cometén adulterio la muger casada que yace con varón que non sea su marido, y el que yace con ella, sabiendo que es casada.*

*Art. 362. El marido que tuviere manceba dentro de la casa conyugal ó fuera de ella con escándalo, será castigado con la pena de prisión correccional.*

*La manceba será castigada con el destierro.*

O convento é o segundo marco en que podía desenvolverse a vida das mulleres na Idade Media, un refuxio escollido ás veces por unha parte das mulleres da nobreza e mais a burguesía. É importante ter en conta o estamento ao que pertencen as mulleres que acceden aos conventos, pois determinará o tipo de vida relixiosa que van desenvolver.

Polo de pronto, unha muller de “clase” alta que non casase, non terá outra opción máis “decente” que a de ingresar nun convento, de aí que moitos nobres fundasen conventos para depositar neles as fillas “superfluas”.

Aínda que o dote que había que achegar para entrar nun convento era de menor cantidade que o do casamento, poucas noticias hai da entrada de mozas pobres nas institucións relixiosas, xa que estas tiñan que traballar, na agricultura ou no artesanado.

---

7 “E por iso os Sabios antigos dixeron que aínda que o home casado xacese con outra muller que tivese marido, que non o pode acusar a súa muller ante o xuíz seglar: [...] E tiveron este dereito por moitas razóns. A primeira porque do adulterio que fai o varón con outra muller non nace dano, nin deshonra á súa. A outra porque do adulterio que fai a súa muller con outro, recibíndoo no seu leito, o marido queda deshonrado e ademais porque do adulterio dela pódelle sobrevir ao marido un gran dano”.

8 Código penal de 1848. Título X, Capítulo I.

O papel secundario que desempeñaron sempre as mulleres tamén está presente no mundo conventual, aquelas que fan votos relixiosos, que acceden aos conventos, quedan excluídas de calquera forma de participación nas estruturas xerárquicas da igrexa e das funcións sacerdotais.



Por unha banda, a vida das monxas podería ser considerada máis opresiva que a das laicas, pois toda ela está baixo control masculino, a Regra, as Xerarquías e incluso moitas veces a clausura; pero, por outra banda, moitas delas atopaban unhas posibilidades de liberdade de actuación que para as laicas eran impensábeis. A nivel individual a vida conventual “*pode chegar a ser unha vía de liberación*” fronte ao matrimonio non desexado, a morte nos partos, a escaseza de homes en tempos de guerras. Outras veces a reclusión nun convento é unha forma de opresión para as mulleres, elemento aproveitado polos homes para afastar da vida secular aquelas que non lles conviñan.

En xeral, no Medievo, as mulleres estaban excluídas dun mundo androcéntrico, as que van chegar ao mundo conventual ou relixioso, polas causas que sexan, terán unhas regras escritas por homes, que as consideran como seres inferiores, cunha imperiosa necesidade de seren tuteladas, por perigosas, e para seren controladas evitando que os homes da Orde pecasen.

Sobre a vida “das outras”, daquelas que nin casan nin están nos conventos non encontramos nas Partidas ningunha lei que castigue as prostitutas no seu libre exercicio e si atopamos varias que penan a alcaiotaría entendendo que existían distintos tipos desde quen tiña casas de mancebía aos homes que prostituían as súas mulleres:

*Alcabuetes son una manera de gente de que viene mucho mal a la tierra. Ca por sus palabras (a) dañan a los que los creen, e los traen al pecado de luxuria. Onde, pues que en los titulos ante deste fablarnos de todas las maneras de fornicio, queremos dezir en este de los Alcabuetes, que son ayudadores del pecado.*

[...]

*Otrosi qualquier que alcabotasse a su muger dezimos, que deve morir porende. Essa mesma pena deve aver el que alcabotase a otra muger casada, o virgen, o Religiosa o biuda de buena fama por algo que le diessen o le prometiessen de dar. E lo que diximos en, este titulo, ha lugar en las mugeres que se trabajan en fecho de alcabotaria<sup>9</sup>.*

(Partida VII. Título XXII, Lei II)

A diferenza de trato entre as prostitutas e as alcaiotas radica na consideración das prostitutas como protectoras da institución matrimonial, era preferíbel que un home casado visitase unha prostituta a que tivese unha barrégá ou unha concubina. Pola contra as alcaiotas facían perigar a familia e o matrimonio, base da sociedade medieval. É importante considerar esta distinta consideración porque María Balteira vai ser acusada de alcaiota.



*Alcaiota.*

---

9 “Tamén dicimos que debe morrer calquera que fose alcaiote da súa muller. Esa mesma pena ha de sufrir quen fixese de alcaiote doutra muller casada, virxe, relixiosa ou viúva de boa fama por algo que lle dese ou lle prometese dar. E o que dicimos neste título tamén está vixente para as mulleres que traballen de alcaiotas”.

## 2. As mulleres a través das cantigas profanas galegoportuguesas

As cantigas profanas medievais son un conxunto de 1.680 ou 1.683 cantares escritos entre finais do século XII e metade do século XIV que chegaron até nós en tres códices nomeados: *Cancioneiro de Ajuda*, *Cancioneiro da Vaticana* e *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*.

Esta lírica que se confecciona e interpreta nos pazos e castelos, non obstante representa as formas de vida das distintas capas sociais: mulleres nobres, campesiñas, abades e abadesas, militares, trovadores, xograres, xograresas e segreis, soldadeiras e criadas, en definitiva, un mundo social diverso.

As mulleres están presentes nos diferentes tipos de cantigas medievais, mais recollidas desde distinta perspectiva.

As **cantigas de amigo** están postas en boca dunha muller, sempre moza, que se lamenta xa da ausencia do seu namorado xa dos seus enganos ou ben dun amor non correspondido. Sen esquecer que están escritas por homes, reflecten os diferentes estados de namoramento das protagonistas destas cantigas. Ademais da propia dona-virgo, aparecen outros personaxes femininos: as irmás, as amigas, a nai xa sexa no seu papel de gardadora da honra da filla xa como confidente das coitas de amor:

*Vaiamos, irmãa, vaiamos durmir  
nas ribas do lago, u eu andar vi  
a las aves meu amigo*<sup>10</sup>.

(Fernand'Esquíu, CB 1298)

Nas **cantigas de amor**, aquelas en que a voz lírica é masculina e en que o poeta canta o seu sufrimento pola coita de amor, polo desdén da muller á que ama, idealízase a dona, denomínase a *senhor*<sup>11</sup>. Ela representa todas as virtudes, o poeta é o seu vasalo e aspira a ser amado para non morrer de amor:

*Por Deus, senhor, non me desenparedes*

(Martín Soares CB 170)

---

10 *Vaiamos irmã, vaiamos durmir / às marxes do lago onde eu vin andar / às aves o meu amigo.*

11 *Senhor es llamado propiamente aquel que a mandamiento e poderio, sobre todos aquellos que biven en su tierra.* Partida IV, título XXV Lei 1.

Pola contra nas **cantigas de escarnio** a visión masculina preséntanos unhas mulleres interesadas, libertinas, os seus retratos físicos non ocultan ningunha das partes do corpo, e igualmente se describen todas as funcións fisiolóxicas, non hai nin tabús, nin explicacións eufemísticas e esta linguaxe, ás veces en rexistro “vulgar”, vana utilizar todos desde o rei até o máis humilde dos xograres. Lonxe de todos aqueles atributos ideais, perfectos das cantigas anteriores, aquí lemos:

*Nom quer'eu donzela fea  
e negra come carvom  
que ant'a mia porta pea  
nem faça come sisom*<sup>12</sup>.

(Afonso X, CB 476)

Poderíamos ousar facer unha hipótese situando estes tres tipos de cantigas coas tres idades biolóxicas da muller que destacabamos anteriormente: *virgines*, *conjugate* e *matrona*, sendo:

*Virgines*: as mulleres das cantigas de amigo pois son doncelas, rapazas novas, dona-virgo.

*Conjugate*: nas cantigas de amor temos as donas con idade para ser esposas, nais, amantes.

*Matrona*: as cantigas de escarnio e maldizer teñen como protagonistas a mulleres de máis idade, mesmo as nomean “velhas”.

## **Características atribuídas ás mulleres nas cantigas de amigo e de amor fronte ás cantigas de escarnio**

As mulleres protagonistas das cantigas de amigo son novas, alegres, aínda que se lamenten pola ausencia do amigo. Ao seu carón hai outras mozas coas mesmas características: as súas irmás ou as amigas. E tamén aparece a figura da nai nun repertorio de abondosas cantigas.

As imaxes que nos transmiten son a dunha moza namorada que preto do mar ou na fonte espera o seu amigo ou a dunha moza que lles conta ás súas amigas ou ás irmás a súa pena por non poder ver o seu namorado. Tamén podemos entender aquela moza que lle mente á nai para xustificar a súa tardanza. A figura da nai preséntase nas cantigas de amigo non só como confidente sen máis, senón como coidadora da honra da filla, é a

---

12 *Non quero eu doncela fea / e negra coma o carbón / que ante a miña porta peidee / nin faça como o sisón.*

que lle aconsella que non faga caso das louvanzas do amigo porque se pode “perder”:

*Digades, filha, mia filha louçana  
por que tardastes na fria fontana?  
–Os amores ei.  
Tardei, mia madre, na fontana fria,  
cervos do monte a áugua volvíam.  
–Os amores ei*<sup>13</sup>.

(Pero Meogo, CB-1192)

ou aqueloutra que lle dá consello nos problemas do amor<sup>14</sup>:

*Filha, o que queredes bem  
partiu-s'agora d'aquem  
e nom vos quiso veer;  
e ides vós bem querer  
a quen vos nom quer veer?*<sup>15</sup>

(João Servando CB-1088)

Son mozas que se moven libremente por unha natureza familiar, próxima. O contorno en que actúan forma parte da súa vida cotiá: van lavar ao río, van buscar auga á fonte, esperan fronte ao mar.

Os temas que tratan tamén nos son familiares: quéixanse de que o amigo non aparece, pídenlle consello á nai, invitan as amigas a ir bailar, á romaría, a nai pregunta as razóns da súa tardanza, a nai non a deixa ir ás festas. Observamos que as mulleres das cantigas de amigo



*Trobador.*

- 
- 13 *Contesta, filla, miña filla lozana / por que tardache na fonte fría? / –Amores teño / Tardei, miña nai, na fonte fría / cervos do monte a auga volvían / –Amores teño.*
- 14 Non se trata de facer aquí un estudo das características psicolóxicas das mozas namoradas das cantigas de amigo, mais, tal como recolle Xosé Ramón Pena, non esquezamos que estas cantigas expresan os sentimentos das mozas percibidos por un varón, que é quen escribe.
- 15 *Filla, aquel a quen ti queres ben / partiu agora de aquí / e non te quixo ver; / e ti vas querer ben / a quen non te quixo ver?*

son suxeitos axentes, realizan distintas accións “propias de mulleres”, mentres agardan o seu amigo ou van alegres a encontrarse con el. Mais hai algunha cantiga como a que vén a seguir do xograr João Bolseiro en que a namorada manifesta a ausencia do seu amigo dunha forma máis explícita:

*Quand'eu con meu amigo dormia,  
a noite non durava nulha ren,  
e ora dur'a noit'e vai e ven,  
non ven (a) luz, nen pareç'ò dia  
mais, se masesse con meu amigo,  
a luz agora seria migo*<sup>16</sup>.

(CB-1114)

A descrición física destas mulleres caracterízase por conter atributos sempre en sentido positivo, como: velida, fremosa, de bon semelhar, louçana, a ben talhada, mesurada, a de mui bon parecer... Adxectivos que non só fan referencia á protagonista da cantiga, senón tamén ás irmás ou as amigas:

*¡Fremosas, a Deus grado tan bon dia comigo,  
ca novas mi disseron ca ven o meu amigo!*<sup>17</sup>

(Bernal de Bonaval CB-1135)

O adxectivo “fremosa” ou “fremosinha” aparece nas cantigas de amigo sobre todo nas cantigas de romaría e, tal como escribe Esther Corral, en cantigas creadas normalmente por autores de baixa condición social. Estas descrições do corpo mesmo aparecen en primeira persoa como comprobamos na cantiga de Johan Garcia de Guilhade en que a moza se queixa de que o seu bonito corpo e os seus ollos verdes non conquistasen o seu amigo:

*Vedes por que o dig'assi:  
porque non á no mundo rei  
que viss'ò talbo que eu ei,  
que xe non morresse por mi  
(si quer meus olhos verdes son),  
e meu amig' agora non  
me viu, e passou per aquí!*<sup>18</sup>

(CB-742)

---

16 *Cando eu co meu amigo durmía / a noite non duraba nada / e agora dura a noite e vai e vén / non vén a luz, nin cbega o día / mais, se estivese co meu amigo / a luz agora estaría comigo.*

17 *Fermosas, grado a Deus tan bo día comigo / pois me deron noticia de que vén o meu amigo!*

18 *Mirade por que o digo: / porque non hai no mundo rei / que vise o porte que eu teño / que non morrese por min / (os meus ollos verdes son) / e o meu amigo agora non / me viu, e pasou por aquí.*

En canto ás características que teñen que ver co amor ou coas calidades persoais como salienta Esther Corral Díaz<sup>19</sup> aparece a referencia á donavirgo e á doncela relacionada coa idade xuvenil da moza e tamén coa súa virxinidade:

*Mai-la donzela que mui'á servida  
o seu amigo, (esto lh'ê mester)  
dê-lhi sa cinta, se lhi dar quiser;  
se entender que a muito á servida;  
mais, se x'el quer outro preito maior;  
maldita seja quen lh'amiga for  
e quen se d'ele tiver por servida!*<sup>20</sup>

(Johan Garcia de Guilhade, CB-776)

**As donas das cantigas de amor** son dun status distinto, son máis inaccesíbeis, son o cúmulo de calidades positivas para o poeta pero están lonxe das mulleres reais. Algúns dos adxectivos que se empregan nas cantigas de amigo tamén están presentes nas de amor:

*Per bõa fê, fremosa mia senhor  
sei eu ca mais fremoso parecer  
vus fez Deus, e mais fremoso falar  
de quantas outras donas quis fazer.  
E al vus fez que vus ora direi:  
fez-vus mais mansa e de mui melhor  
dõair' e melhor talhada seer.*<sup>21</sup>

(Vasco Fernandez Praga CB-80)

Algo que se respecta sempre é a ocultación da identidade da senhor. Aínda que Johan García de Guilhade rompe esta norma de cortesía e descobre a senhor a través dunha característica<sup>22</sup> moi precisa xustificando que o fai por loucura de amor:

---

19 Esther Corral Díaz (1996): *As mulleres nas cantigas medievais*. Sada, A Coruña, Ed. do Castro.

20 *Mais a doncela que está moi servida / polo seu amigo (isto lle cõmpre) / dealle a súa cinta, se lla quixese dar / se crese que está moi ben servida; / mais se el lle demandase outro requerimento maior; / maldita sexa quen a amiga lle for / e quen del se tiver por servida!*

21 *De boa fê, fermosa miña señor / eu sei que Deus vos fixo a máis fermosa / e a de máis fermoso falar / de cantas outras donas quixo facer / E tal vos fixo que agora eu vos direi / fíxovos ser máis mansa e de excelente / donaire e mellor tallada.*

22 Observamos que salienta a característica dos “ollos verdes”, tanto na cantiga de amigo como na de amor.

*Amigos, nom poss'eu negar  
a gran coita que d'amor ey,  
ca me vejo sandeu andar,  
e com sandece o direi:  
os olbos verdes que eu vi  
me fazen ora andar assí<sup>23</sup>.*

(CB-419)



*Miniatura extraída dunha cantiga de amor:*

Ou nestoutra que descobre quen é: “*Est’é filha de Maria*”.

As calidades das mulleres nas cantigas de amor non só se refiren ao aspecto físico da senhor, que se a fixo Deus non pode ser máis perfecta, senón que observamos a presenza daquelas calidades que a filosofía medieval valoraba nas mulleres: *mesura, mansedume, obediencia e tamén intelixencia, sabedoras, de prez, de sen:*

*A bõa dona por que eu trovava,  
e que nom dava nulba rem por mi,  
pero s’ela de mi rem nom pagava,  
sofrendo coyta sempre a serví;  
e ora ja por ela ‘nsandeci,  
e da por mi bem quanto x’ante dava<sup>24</sup>.*

(Johan Garcia de Guilhade CB-422)

23 *Amigos, eu non podoo negar / a gran pena de amor que teño / pois me vexoo andar tolo / e como tolo direi: / os ollos verdes que eu vin / fanme agora andar así.*

24 *A boa dona por quen eu trovaba, / e que non daba nada por min, / aínda que ela non recompensaba, / sufrindo coita sempre a servín; / e agora xa por ela toleei / e dá polo meu ben canto antes daba.*